

CCR/Ra/Ms



Data Rexistro: 13/02/2026 10:00:06
Nº Rexistro: 2026000155

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 30 de xaneiro de 2026, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Dona Ana Laura Iglesias González:

15.8584.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- Punto número 15, Rogos e preguntas. ...

...

Sr. Presidente.- Ten a palabra Ana Laura Iglesias González.

Sra. Iglesias González.- Grazas Presidente. Rogamos que cando faga intervencións o Sr. Presidente no Pleno como a que acaba de facer, sexa correcto coa información que dá, porque acaba de mentirllas aos veciños e veciñas de Pazos dicindo que o anterior goberno provincial non fixo nada, nomeadamente ao señor Agís, cando realmente, e vostede ben sabe, que quen tivo isto parado foi o alcalde do Partido Popular que gobernou ...

Sr. Presidente.- Ós feitos me remito, onde as máquinas van a chegar, pois o rogo, límitese, xa queda contemplado, concrete, ¿cal é o rogo?, ¿cal é o rogo? A ver, creo que para exemplo, mira, para exemplo xa foron os de antes, a ver, non queiramos coller o mesmo patrón, non son un exemplo. Faga o rogo.

Sra. Iglesias González.- ¿Xa podo volver a empezar?, porque creo que quedou bastante claro, pero senón me corta o micrófono fágolle o rogo.

Sr. Presidente.- Claro, vostede o dixo. ¿Máis preguntas ou rogos?

Sra. Iglesias González.- Grazas, o rogo é que lle pedimos e lle rogamos ó Sr. Presidente que cando tome a palabra non lle minta aos veciños que están aquí e veciñas presentes dicindo, como dixo, que o anterior goberno non fixo nada, cando vostede sabe perfectamente que quen tivo esa obra paralizada foi o anterior alcalde do Partido Popular. Non minta cando tome a palabra. Gracias.

Sr. Presidente.- Oito anos na Deputación dun goberno bipartito, casualidade ou non, cando hai un goberno do Partido Popular van a comezar as obras na carretera de Pazos de Borbén. ¿Máis preguntas, máis rogos?. Pois, bueno, damos por pechada esta sesión. Moi bos días a todos.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. Ana Laura Iglesias González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-

